

O TRATAMENTO DA LITERATURA EN PRIMARIA

XESÚS RÁBADE PAREDES
Equipo de Lingua Galega
Gabinete da Reforma Educativa

1. Lingua e literatura: un estudio integrado

A presente proposta fundaméntase no feito de que a aprendizaxe lingüística ten de responder ó desenvolvemento das capacidades de comprensión e expresión de todo tipo de mensaxes en situacións diversas e, dentro deste obxectivo, contribuír ó descubrimento dun tipo de linguaxe que esixe unha actitude diferente do receptor ante a mensaxe. Dito doutro modo, o ensino da lingua (desenvolvemento da competencia lingüística e comunicativa) debe atender a unha serie de saberes simultáneos: un saber idiomático, suxeito a normas fónicas e lexicogramaticais; un saber elocucional ou congruencia do falante respecto da realidade extralingüística, e un saber expresivo ou adecuación da lingua a situacións dadas, facendo uso adecuado das disponibilidades idiomáticas.

O saber expresivo sitúase na esfera do **sentido**, isto é, no que se di e entende da intención do falante máis alá do significado (saber idiomático) e da designación (saber elocucional). Así, a literatura, os textos, son lugar privilexiado para a integración dos diferentes saberes mencionados, por canto a construción do sentido é o obxecto mesmo da obra literaria.

Integrar lingua e literatura nun mesmo proceso didáctico é posible dentro da clase concebida como taller no que converxan textos variados, literarios e non literarios: elaboración e traballo con relatos, poemas, textos dramáticos, guións radiofónicos, periódico escolar, letras de cancións, anuncios publicitarios... É o que dá sentido e articula tódalas actividades previas (reflexión lingüística, reflexión normativa, análise de textos, etc.).

Trátase da aprendizaxe de procedementos -mediante a aproximación a textos actuais e do pasado- para a adecuación do pensamento á súa formulación expresiva:

A) Manipulación de textos, por un lado, para a aprendizaxe lingüística.

B) Enfrontamento coa literatura, por outro, como fenómeno comunicativo especial con obxectivos propios: actitude creativa para usar da linguaxe sen máis finalidade que manipulala e descubri-las súas inmensas posibilidades, a súa natureza fronte ás outras linguaxes.

C) No campo da lectura, o papel do profesor é o dun bo guía que mostre un amplo abano de eleccións, en atención á idade, experiencias e intereses, e que axude ós alumnos a penetrar nos textos, a gozalos, sen pretender valoracións estéticas nin complexas análises críticas.

O criterio para a selección de textos debe obedecer á capacidade dos mesmos para mante-la forza comunicativa no contexto socio-cultural dos alumnos. Polo demais, a experiencia literaria deberá complementarse e enriquecerse con outras experiencias artísticas, fundamentalmente a música e a imaxe, pero tamén a representación escénica e a expresión corporal en xeral.

A práctica lectora nas súas diversas modalidades, o teatro de títeres, o conto oral ben relatado pola profesora ou profesor, a escritura colectiva de relatos na aula e a publicación do periódico escolar son actividades insustituíbles para o contacto dinámico coa literatura. Isto, ademais, pon ós escolares en situación de melloraren moitos aspectos da súa expresión e comprensión oral e escrita.


Unha forma de discurso que os nenos captan con interese e agrado desde a primeira idade é a do divertimento popular fundado na linguaxe: fórmulas ortofónicas, trabalinguas, xogos verbais, xunto coa maxia dos contos orais tradicionais, as cantigas de berce, as adiviñas e mesmo as frases publicitarias enxeñosas.

Cómpre que as propostas de textos que se fagan conteñan a capacidade de suxerir cuestións relevantes para as expectativas de alumnas e de alumnos a fin de promove-la máxima implicación persoal na súa lectura. Todo texto ha ser vivo e actuante, suxeridor e adecuado para a plena comprensión. E como repetidamente sinalamos, o mellor modo de logra-la formación de futuros lectores é promovendo un diversificado repertorio de obras entre as que os escolares opten, formulando explicitamente os criterios da elección.

Polo demais, non só é decisiva a rigorosa selección de textos, senón tamén a coidada planificación de actividades sobre os mesmos. Neste aspecto, e no transcurso da Primaria, un método de aproximación textual como podería se-lo **comentario** nunca debe ir máis alá dunha sistemática posta en común de experiencias lectoras. Isto é, unha actividade sobre todo oral que faga da aula un foro de debate sobre o experimentado na cración ou recreación dos textos.

É básico que no transcurso desta etapa a escola colabore a que os nenos e as nenas se familiaricen coas obras exemplares da literatura do país. Entendemos tal exemplaridade non como unha valoración estética senón como a capacidade das grandes obras literarias para seguir interesando en contextos comunicativos moi diversos e distantes daquel no que apareceron. A Biblioteca (equipada no posible de libros, discos, cassetes, vídeos...) é o lugar ideal para traballa-la literatura e dialogar cos textos: é o seu laboratorio. Tamén o diálogo en vivo cos creadores literarios -dentro ou fóra da escola- é unha experiencia gratificante e moi motivadora para a xeneralidade do alumnado.

En esquema, este sería un posible modelo de funcionamento dunha clase de literatura e lingua:



2. Educación para a sensibilidade

A literatura, como sinala Vargas Llosa, cumpre a misión de completarnos, "a nós, seres mutilados a quen foi imposta a atroz dicotomía de ter unha soa vida e as arelas e fantasías de desexarmos mil". Alimento indispensable para a sensibilidade, a literatura, en efecto, tanto oral coma escrita, debe presidi-los primeiros pasos escolares das

nenas e dos nenos como modo ideal de introducilos na maxia da palabra, no ritmo e mais nos símbolos, exercitándolle-la motricidade e a memoria e avivecéndolle-lo enxeño.

En xeral, é constatable a dispoñibilidade dos nenos para se introduciren no mundo literario, a súa facilidade para crearen e comprenderen os seus propios recursos. É esta unha aptitude non coincidente coa do adulto, pois a mente infantil é por excelencia globalizadora, creativa e fantástica. É así mesmo comprobable que se tal disposición non se cultiva motivadoramente morrerá de contado trala súa aparición. Razón de máis para que durante o decisivo e dilatado lapso da Primaria se esforce a institución educativa en axudar a captar e sentir moi de preto a problemática complexa da creación infantil na área de lingua.

A nena e o neno senten a necesidade de xogar, de experimentar ludicamente con todo o que os rodea. E unha das realidades máis enraizadas neles e no seu entorno é a da lingua, catárticas, para a súa liberación constante de tensións e problemas. Solución valiosísima para as súas necesidades proxectivas e o idioma, pois, nesta altura da vida, devén xogo e pasa a desempeñar unha función de segundo grao.

O sentido que interna e externamente o neno ten do mundo difire do que teñen os adultos. Consecuentemente, precisará de estímulos propios e adecuados, sempre dirixidos a provocar nel respostas específicas e a desenvolver todo o posible as súas capacidades. Debe atenderse así no campo literario esa apetencia lúdica e cubri-la área da experiencia lingüística das nenas e dos nenos con idéntica premura que a de proporcionarlles roupa, pan e leite. Hai que canalizar e potencia-las capacidades creativas dos nenos e das nenas pola dobre razón de que a nenez ten un valor en si pero constitúe tamén un paso propedéutico para a existencia adulta; e canto máis a fondo se cumpra e aproveite a condición do neno para servilo, tanto mellor será situado en condicións de ser grande.

Tal alimento indispensable, para a inmensa maioría dos escolares de Galicia, ha ter unhas características de seu, moi específicas e particulares. Porque facer renunciamiento desde a escola da utilización e gozo lexítimos da cultura e lingua propias; cantar, recitar e recibi-la misión lúdica do conto ou do poema noutra lingua, supón algo gravísimo (que aínda vén practicando a didáctica vella), tanto para o escolar (que cuestionará ou dubidará sobre os usos da súa propia fala) como para o idioma mesmo (que se verá privado dunha das súas grandes facultades e finalidades para que foi creado).

3. A poesía como recurso

Tal vez a primeira aproximación á literatura debera realizarse a través da poesía. A lectura de poemas propios e alleos no ámbito da clase abre un abano de posibilidades múltiples, podendo transitarse facilmente da lectura de textos que presenten especial sonoridade ó ámbito da acción-creación; da poesía concibida como xogo, á poesía como exercicio reflexivo.

Xa quedou indicado que as nenas e os nenos das primeiras idades ofrecen unha peculiar aptitude para explora-la lingua con rimas espontáneas e xogos de palabras, combinacións absurdas, xogos a través das situacións diversas da linguaxe e xogos coa conversa. Pero a conquista poética -non se esqueza- é un acto de paciencia, inseparable da formación da sensibilidade e da educación dos escolares: desde o xogo poético inicial coas palabras (manipulalas, velas, pintalas, musicalas, ulilas, coñecelas, querelas), os nenos chegarán ó dominio das mesmas e tamén da estrutura lingüística.

Cando menos nunha aproximación inicial, é perfectamente factible exercitar cos alumnos os seguintes aspectos:

- Busca de palabras que rimen cunha dada.
- Construcción de versos sobre estruturas rítmicas.
- Creación de pareados susceptibles de se encadearen.
- Achado de palabras que comuniquen determinados sentimentos.
- Invención de frases poéticas.
- Resposta a preguntas, procurando unha sonoridade e significación adecuadas (uso de repeticións).
- Completar estruturas ou vocábulos.
- Inventar comparacións.

Hai que introducir gradualmente ás nenas e ós nenos na función poética da lingua, na creatividade e no humor, dimensións todas elas conectadas á ensinanza do idioma. Polo menos cando declame ou lea textos, a mestra ou mestre ha de esforzarse en facelo de maneira modélica. E se a súa misión non consiste en descubrir poetas, si lle cabe a responsabilidade de formar persoas que amen a poesía. Debe terse en conta que é a fascinación do significante o que primeiramente os escolares captan, xunto coa fantasía e a frescura da materia coa que se configuran as palabras.

Por isto mesmo, no transcurso dos ciclos máis elementais, debe esquecerse o profesor de regras e de técnicas, método ideal, comunmente practicado hoxe nas aulas, para que os alumnos aborrezan a

poesía. Preferible é que entendan que se trata dunha forma de expresión diferente á da linguaxe habitual e que por simple intuición descubran unhas determinadas pautas básicas que os han de levar a percibi-la indisociable unión de forma e fondo e a comprenderen precisamente aí o máis característico do discurso poético.

Como norma, tenderemos en Primaria a desacademiza-la poesía; a integrala na vida e a poñela en relación co universo das sensacións, dos sentimentos, do ritmo, das asociacións de ideas. É dicir, ensinar a xogar seriamente coa linguaxe, a manipulala e transgredila para extraer dela o maior número de posibilidades novas. Apreciaremos así o natural que resulta para as nenas e os nenos o feito de danzar un poema, de pintalo ou de poetizar un cadro.

Con todo, si parece necesaria a aprendizaxe de determinadas técnicas de goberno poético no transcurso da escolarización, pero tendo en todo momento ben presente que as técnicas en si non son a poesía. Na iniciación dos nenos e das nenas á expresión poética debe evitarse por igual o dobre risco de reduci-la poesía a unha simple mecánica ou contentarse coa soa calidade do acerto fortuíto.

Coñecer e utiliza-la variedade de procedementos poéticos é do máis positivo, cunha seria advertencia: a de non seren presentados de modo gratuío. Porque a emoción precede á expresión ou cácase con ela, e o sentir ó dicir, e a sensibilidade á técnica, e a promoción de persoas sensibles á de fabricantes mecánicos de versos.

Con igual coidado debe procederse no nivel do significado, onde, circunscribíndonos inicialmente ó universo experiencial dos escolares, exploraremos procedementos múltiples e diversos: desde a imaxe tradicional (metáfora, alegoría, símil, metonimia, sinécdoque) ó desprazamento de adxectivos e a imaxe sinestésica. É dicir, familiarizar ós nenos e nenas cos recursos mencionados antes de forzalos á súa conceptualización distante e fría.